



PROGRAMA NATACIÓN ESCOLAR 2026/2027

INDICE

1	DESCRICIÓN DO PROGRAMA	2
2	OBXECTIVOS	2
3	PERSOAS DESTINATARIAS E NÚMERO DE PRAZAS.....	2
4	PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN	3
5	TAXA.....	4
6	NORMAS XENÉRICAS	5
7	OUTRAS DISPOSICIÓNS	6
8	ANEXOS	7

1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O Servizo Municipal de Deportes do Concello da Coruña oferta, para escolares dos centros educativos públicos da cidade o programa **Natación Escolar 2026/2027** co fin de posibilitar aos escolares da cidade un aprendizaxe significativo no medio acuático e unha mellora das súas técnicas de nado.

O programa desenvólvese durante o curso escolar, nunha sesión semanal dentro do horario extraescolar.

2. OBXECTIVOS

- Favorecer o desenvolvemento integral do alumnado a través do medio acuático.
- Conseguir a familiarización e adaptación do alumnado ao medio acuático.
- Contribuír ao proceso de educación e integración do alumnado.
- Utilizar a auga como medio de recreo, co fin de xerar diversión e benestar a través do medio acuático e o movemento.
- Desenvolver aspectos físicos, psíquicos e de relación social do individuo, coa finalidade de mellorar a calidade de vida.
- Desenvolver as habilidades psicomotrices do alumnado así como xerar hábitos de vida saudables a través do movemento e o exercicio físico.
- Crear hábitos correctos de hixiene diaria.
- Mellorar a condición física xeral do alumnado.

3. PERSOAS DESTINATARIAS E NÚMERO DE PRAZAS:

O programa vai dirixido ao alumnado de 3º e 4º de Primaria dos centros educativos de titularidade pública de Educación Primaria da cidade da Coruña, ofertando un total de 415 prazas. A actividade desenvolverase na Piscina Municipal de San Amaro, Piscina do Complexo Deportivo San Diego e Piscina Municipal de Riazor.

A cada centro asignaráselle unha Piscina Municipal (Riazor, San Diego, San Amaro) na que desenvolverase a actividade.

4. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

a. As persoas interesadas deberán cubrir o formulario específico que está a súa disposición na páxina web de Deportes www.coruna.gal/deportes

b. PRAZOS:

	INICIO	FIN
SOLICITUDES	8 SETEMBRO	14 SETEMBRO
LISTAXE PROVISIONAL	15 SETEMBRO	
CORRECCIÓN ERROS	16 SETEMBRO	
SORTEO	17 SETEMBRO 09:00	
LISTAXE DEFINITIVO	17 SETEMBRO 15:00	
FORMALIZACIÓN INSCRICIÓN	21 SETEMBRO (PRESENCIAL)	24 SETEMBRO
INICIO ACTIVIDADE	1 OUTUBRO	31 MAIO

- **SOLICITUDES:** As solicitudes presentaranse a través do FORMULARIO habilitado na web www.coruna.gal/deportes entre o 8 e o 14 de setembro, ambos inclusive.
- **LISTAXE PROVISIONAL** de solicitantes: Publicarase unha listaxe provisional de solicitantes, na que se poderán revisar os datos persoais, e abrirase un prazo para a corrección de erros. DATA: 15 de setembro.
- **CORRECCIÓN DE ERROS:** Abrirase un prazo para a corrección de erros desde a publicación da listaxe provisional de solicitantes. As alegacións presentaranse por correo electrónico ao enderezo programasdeportivos@coruna.gal. PRAZO: 16 de setembro.
- **SORTEO:** No suposto de que existan máis solicitudes que prazas, para establecer a orde de adxudicación de prazas celebrarase un sorteo público da letra que establecerá o corte para a adxudicación. O enlace ao sorteo publicarase na páxina web www.coruna.gal/deportes. Para a asignación de prazas terase en conta a letra do primeiro e segundo apelido do alumno/alumna. DATA: 17 de setembro ás 09:00h.
- **LISTAXE DEFINITIVO:** publicarase a listaxe de adxudicación de prazas e listaxe de agarda se a houbese. DATA: 17 de setembro ás 15:00h.



- **MATRÍCULA E FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN.** A matrícula formalizarase no prazo establecido en cada unha das Instalacións Municipais mediante o pago da taxa correspondente segundo a Ordenanza Fiscal en vigor (55,07 euros)
 - **Documentación que debe acompañarse para a matrícula.**
- a) Impreso de matrícula e carta de pago
- b) No caso de non formalizar a inscrición no prazo establecido, entenderase que se renuncia á praza e adxudicaranse as prazas vacantes seguindo a listaxe de agarda.
- **INICIO DA ACTIVIDADE:** A actividade iniciárase o día 1 de outubro e finalizará o luns 31 de maio.

5. TAXA:

As taxas están reguladas na Ordenanza Fiscal núm. 15 do Concello da Coruña en vigor no ano 2025:

- Natación escolar (1 sesión/semana. Curso outubro a maio).: **55,07 euros**

O pago poderá efectuarse en efectivo ou con tarxeta nas caixas de cada Piscina Municipal (Riazor, San Diego, San Amaro) de forma presencial e por orde de chegada, entregando a folla de inscrición debidamente cuberta.

Os colexios que acudan á Piscina Municipal de Riazor: Inscrición e abono da cota nas oficinas de rexistro da CD Riazor (necesario pedir cita previa no 010 de atención cidadá ou no seguinte enlace: <https://citaprevia.coruna.gal/citaprevia/?idCliente=3>)

Os colexios que acudan á Piscina Municipal de San Amaro: Inscrición e abono da cota nas oficinas do Club do Mar de San Amaro.

Os colexios que acudan á Piscina de San Diego: inscrición e abono da cota nas oficinas do Complexo Deportivo Municipal San Diego.

6. NORMAS XENÉRICAS:

- a. A Campaña de Natación Escolar vai dirixida exclusivamente aos escolares de Educación Primaria (3º, 4º curso) de Centros Públicos, con un número total de 415 prazas ofertadas na campaña, distribuídas en tres piscinas, e segundo as datas e horarios para cada grupo / Centros Escolares que se indican no ANEXO.
- b. O Servicio Municipal de Deportes, comunica que tentarase de manter o horario indicado, podendo haber modificacións segundo as variacións que se poidan producir na matriculación do alumnado.
- c. Tomarase o centro educativo como referencia para a recollida e entrega dos escolares ás familias. **O centro garantizará a presenza dunha persoa adulta que será o responsable dos alumnos/as durante o tempo que permanezan na parada.**
- d. O custo por alumno/a é de 55,07€. Esta cota inclúe o traslado dende o centro e unha cobertura sanitaria.
- e. A data de inicio da actividade será o 1 de outubro de 2026 e a data de finalización o venres 31 de maio de 2027., festivo local o 7 de outubro.
- f. Serán días lectivos de actividade aqueles que o sexan para seu propio centro escolar, de igual maneira, **serán no lectivos aqueles que non o sexan para seu centro.** De forma xenérica, o programa de natación escolar adaptarase ao calendario oficial escolar publicado pola Xunta de Galicia para o curso 2026/2027.
- g. Nomearase por parte de cada centro un/unha coordinador/a da campaña de natación que será a persoa de referencia a efectos de recibir as notificacións e transmitilas ás familias.
- h. Unha vez feita a inscrición dos alumnos e alumnas, informarase ao coordinador/a do Programa de Natación de cada centro, do número de escolares admitidos/admitidas, así como dos horarios definitivos da actividade.

7. OUTRAS DISPOSICIÓNS:

- A)** A formalización da solicitude de preinscrición e, se é o caso, da matrícula supón a aceptación das normas deste programa.
- B)** Coa presentación da solicitude e, se fose o caso, da formalización da matrícula, entenderase que a persoa solicitante e, de ser o caso, o/a titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte da empresa que xestiona as EDM e da concesionaria do Complexo Deportivo San Diego e Club do Mar de San Amaro.
- C)** A presentación da solicitude implica declarar que son certos os datos achegados. No caso que o Servizo Municipal de Deportes detecte falsidade nos mesmos, o alumnado afectado causará baixa no curso, sen dereito á devolución das taxas aboadas.
- D)** Para constituírse un grupo será necesario un mínimo de 6 persoas inscritas; en caso contrario, facilitaranse outros horarios ás persoas solicitantes.
- E)** Non se permite a cesión a terceiras persoas da praza asignada.
- F)** Serán de aplicación as normas de uso das “Instalacións Deportivas Municipais, Escolas Deportivas Municipais e outras actividades” aprobadas pola Xunta do Goberno Local do 20 de xullo de 2007.
- G)** O/a participante, e se fose o caso o/a seu/súa titor/a, fai constar que non padece ningunha enfermidade que o/a incapacite para practicar actividade deportiva. Se padece discapacidade ou outros datos relevantes que poidan incidir na práctica deportiva, deberallo comunicar á Instalación Deportiva de Riazor, San Diego ou San Amaro no momento da súa matrícula.

No suposto de concorrer algún indicio de que a persoa poida estar nalgunha destas circunstancias, poderáselle requirir expresamente a achega do certificado médico ou documento equivalente.

8. ANEXOS:

CADRO PRAZAS 2026/2027:

Cadro Prazas 2026-2027																				
CLUB DEL MAR																				
HORARIO	LUNES				MARTES				MIÉRCOLES				JUEVES				VIERNES			
	Centro	Ofertadas	Inscritos	Libres	Centro	Ofertadas	Inscritos	Libres	Centro	Ofertadas	Inscritos	Libres		Centro	Ofertadas	Inscritos	Libres			
16.30 a 17.15	Novo Mesoiro	15		15	Manuel Murguía	10		10	Sanjurjo o Torre Hércules	20		20		Sagrada Familia	20		20			
	Alborada	15		15	María Pita	15		15	Victor López Seoane	20		20		Rosalía de Castro	20		20			
	Wenceslao	15		15	S. Francisco Javier	15		15												
	TOTAL	45	0	45	TOTAL	40	0	40	TOTAL	40	0	40		TOTAL	40	0	40			
17.15 a 18:00									Curros E.	15		15		José Cornide	10		10			
									Cidade Vella o Montel T.	15		15		Zalaeta	20		20			
									TOTAL	30	0	30		TOTAL	30	0	30			
	Ocupación	225	-	225																
			0%	100%																
RIAZOR																				
HORARIO	LUNES				MARTES				MIÉRCOLES				JUEVES				VIERNES			
	Centro	Ofertadas	Inscritos	Libres					Centro	Ofertadas	Inscritos	Libres	Centro	Ofertadas	Inscritos	Libres	Centro	Ofertadas	Inscritos	Libres
16.15 a 17.00	Raquel Camacho	15		15	Marie Ndiaye (pendiente pago)				Eusebio da Guarda	15		15	San Pedro de V.	25		25	Concepción A.	20		20
	Prácticas	10		10					Labaca	20		20				0	María Barbeito	20		20
	TOTAL	25	0	25					TOTAL	35	0	35	TOTAL	25	0	25	TOTAL	40	0	40
17:00 a 17:45	Emilia P. Bazán	25		25																
	TOTAL	25	0	25																
	Ocupación	150	-	150																
			0%	100%																
SAN DIEGO																				
HORARIO	LUNES				MARTES				MIÉRCOLES				JUEVES				VIERNES			
					Centro	Ofertadas	Inscritos	Libres					Centro	Ofertadas	Inscritos	Libres				
16.00 a 16.45					Salgado Torres	10		10					J. Fdez. Latorre	10	0	0	Un inscrito. Baja.			
					TOTAL	10	0	10					TOTAL	10	0	10				
16:45 a 17:30					Ramón de la Sagra	10		10					Anxo da Garda	5		5				
													Sal Lence	5		5				
					TOTAL	10	0	10					TOTAL	10	0	10				
	Ocupación	40	-	40																
			0%	100%																

PARADAS BUS / HORARIOS (provisional):

Natación Escolar 2026-2027							BUSES DE / ATA O CENTRO ESCOLAR		
PISCINA	CENTRO ESCOLAR	DÍA	HORARIO	PAZAS	OCUPADAS	LIBRES	Hora recollida	Hora entrega	Parada
Club del Mar	CEIP Novo Mesoiro	Luns	16:30-17:15	15	0	15	15:35	18:25	Porta do Centro, R/ Calle Fragas do Eume
Club del Mar	CEIP Alborada	Luns	16:30-17:15	15	0	15	15:45	18:10	Lateral do Centro. Altura da praza
Club del Mar	CEIP Wenceslao Fernández Flórez	Luns	16:30-17:15	15	0	15	15:50	18:00	Porta do Centro
Club del Mar	CEIP Manuel Murguía	Martes	16:30-17:15	10	0	10	15:35	18:00	Porta do Centro
Club del Mar	CEIP María Pita	Martes	16:30-17:15	15	0	15	15:45	17:45	Ronda Camilo José Cela. Frente ao Centro (Na acera de enfrente)
Club del Mar	CEIP San Francisco Javier	Martes	16:30-17:15	15	0	15	15:55	17:50	Porta do Centro en Ronda Outeiro. A pequena de abaixo
Club del Mar	CEIP Torre de Hércules	Mércores	16:30-17:15	20	0	20	15:55	17:50	Parada bus polideportivo Montealto, R/ Alcalde Sanjurjo de Carricarte, 11
Club del Mar	CEIP Victor López Seoane	Mércores	16:30-17:15	20	0	20	15:55	17:50	Parada bus polideportivo Montealto, R/ Alcalde Sanjurjo de Carricarte, 11
Club del Mar	CEIP Curros Enríquez	Mércores	17:15-18:00	15	0	15	16:50	18:20	Porta trasera do Centro en Avda.Hércules
Club del Mar	CEIP Cidade Vella	Mércores	17:15-18:00	15	0	15	16:55	18:25	Rua Maestranza, Parada de bus 3A y 17 Metrosidero (Hípica)
Club del Mar	CEIP Sagrada Familia	Venres	16:30-17:15	20	0	20	15:45	17:50	Porta dianteira do Centro. Ronda de Outeiro
Club del Mar	CEIP Rosalía de Castro	Venres	16:30-17:15	20	0	20	15:55	18:00	Parada Bus, Avda. de Arteixo, 74
Club del Mar	CEIP José Cornide	Venres	17:15-18:00	10	0	10	16:35	18:50	Porta principal do Centro
Club del Mar	CEIP Zalaeta	Venres	17:15-18:00	20	0	20	16:50	18:30	Parada bus Salesianos (Paseo Marítimo)
Riazor	CEIP Raquel Camacho	Luns	16:15-17:00	15	0	15	15:45	17:30	Parada bus urbano, Ronda de Outeiro, 269 (Comercio Eva)
Riazor	CEIP De Prácticas	Luns	16:15-17:00	10	0	10	15:50	17:25	Parada bus urbano, Paseo de Ronda, 49
Riazor	CEIP Emilia Pardo Bazán	Luns	17:00-17:45	25	0	25	16:35	18:10	Porta do Centro Escolar
Riazor	CEIP Eusebio da Guarda	Mércores	16:15-17:00	15	0	15	15:40	17:30	Puerta posterior do Centro, R/ Barrié da Maza)
Riazor	CEIP Labaca	Mércores	16:15-17:00	20	0	20	15:50	17:40	Parada bus diante do Centro
Riazor	CEIP San Pedro de Visma	Xoves	16:15-17:00	25	0	25	15:45	17:25	No Centro
Riazor	CEIP Concepción Arenal	Venres	16:15-17:00	20	0	20	15:25	17:40	Parada Bus, O Remanso
Riazor	CEIP María Barbeito y Cerviño	Venres	16:15-17:00	20	0	20	15:40	17:30	Porta do Centro
San Diego	CEIP Salgado Torres	Martes	16:00-16:45	10	0	10	15:30	17:15	Parada bus R/ Pablo Picasso (recoger en el portalón)
San Diego	CEIP Ramón de la Sagra	Martes	16:45-17:30	10	0	10	16:15	18:00	Diante do Centro, Ronda Camilo José Cela
San Diego	CEIP Juan Fdez. La Torre	Xoves	16:00-16:45	10	0	0	15:30	17:15	Porta do Centro. Avenida da Concordia
San Diego	CEIP Anxo da Garda	Xoves	16:45-17:30	5	0	5	16:10	18:00	Avenida da Concordia, 14. Parada bus
San Diego	CEIP Sal Lence	Xoves	16:45-17:30	5	0	5	16:20	17:50	Porta do Centro
			TOTAL	415	0	405			